

TAREFA 3.8. A Imaxe Médica e a Axenda 2030 — Hospitais Verdes en Galicia

OBXECTIVO

Analizar como o **ámbito da Imaxe Médica e Medicina Nuclear contribúe ao cumprimento da Axenda 2030 e dos ODS**, poñendo especial atención ao impacto ambiental hospitalario e ás iniciativas de sustentabilidade en Galicia.

PARTE 1: INFORME ESCRITO (*Extensión orientativa: 5-7 páxinas*)

O informe debe incluír os seguintes apartados:

1. Introducción (*1 páxina*)

- Que é a Axenda 2030?
- Que son os ODS?
- Por que o sector sanitario é importante para o desenvolvemento sostible?

2. A Imaxe Médica e os ODS (*1 páxina*)

- Relaciona o noso ámbito profesional con polo menos 3 ODS, por exemplo:
 - ODS 3 → Saúde e benestar
 - ODS 7 → Enerxía accesible e sostible
 - ODS 9 → Innovación
 - ODS 12 → Consumo responsable
 - ODS 13 → Acción polo clima
- Explica como a Imaxe Médica contribúe (positiva ou negativamente) a cada un.

3. Impacto Ambiental da Imaxe Médica (*2 páxinas*). Analiza aspectos como:

- Consumo eléctrico de TAC, RM, PET-TC.
- Xestión de residuos radioactivos.
- Uso de materiais dun só uso.
- Pegada de carbono hospitalaria.
- Dixitalización vs uso de papel.

Buscar datos reais ou aproximados (referenciar fontes). Intenta contestar preguntas como: Que impacto ambiental teñen as probas de imaxe?, Que consumo enerxético supoñen?, Que residuos xeran?

4. Hospitais Verdes en Galicia (*1 páxina*)

- Investiga iniciativas reais en Galicia.
- Programas de eficiencia enerxética.
- Instalación de enerxías renovables.
- Plans ambientais do SERGAS.
- Certificacións ambientais.
- Proxectos de sustentabilidade en hospitais galegos.
- Indica fontes consultadas.

Preguntas guía: Existe algún hospital galego con políticas ambientais destacadas? Que medidas sostibles se están aplicando? Como afecta isto ao servizo de Radiodiagnóstico?

Podedes centrarvos en:

[Hospital Álvaro Cunqueiro \(Vigo\)](#)

[Complejo Hospitalario Universitario de Ourense \(CHUO\)](#)

[Hospital Ribera Poviša](#)

5. Propostas de Mellora dende a Práctica Profesional (1 páxina)

Formula 5 propostas realistas (viabes e argumentadas) que podería aplicar un/unha TSIDMN no seu posto de traballo.

Exemplo:

- Optimización de protocolos para evitar repeticións.
- Mellor separación de residuos.
- Educación ambiental ao paciente.
- Uso responsable de material funxible.
- Participación en comisións ambientais.

6. Conclusión e/ou reflexión persoal (1 páxina):

- É compatible alta tecnoloxía e sustentabilidade?
- Que papel ten o técnico/a na transición ecolóxica sanitaria?
- Que retos existen de cara ao 2030?

PARTE 2: INFOGRAFÍA

Empregando ferramentas coñecidas como Canva e Genially, deberedes resumir visualmente:

- ✓ ODS relacionados coa Imaxe Médica
- ✓ Principais impactos ambientais
- ✓ Exemplo de hospital verde en Galicia
- ✓ 5 propostas clave

ENTREGA: Informe en PDF + Infografía en PDSF ou imaxes

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (Resumo)

- Relación correcta cos ODS
- Análise do impacto ambiental
- Investigación sobre Galicia
- Propostas realistas
- Claridade e presentación
- Calidade visual da infografía